



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA TRECE DE XULLO DE 2011.

PRESIDENTE

Excmo. Sr. D. Leopoldo Rubido Ramonde

CONCELLEIROS

Don Alfredo Vilela Santalla
Don Luis Rubido Ramonde
Don Pablo Luis Nebril López
Don Juan Carlos Romero Beceiro

AUSENTES:

SECRETARIA:

Dona M^a Cristina Varela García

INTERVENTOR:

Don Jorge Manuel Vidal Zapatero

ARQUITECTA MUNICIPAL:

Dona M^a Belén Lamas Pardo

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás doce horas e trece minutos do día trece de xullo de dous mil once, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Sres./Sras. concelleiros/as que se relacionan á marxe, actuando como Secretaria a titular da Corporación dona M^a Cristina Varela García, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO 06.07.2011

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F. a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada na data 06.07.2011, e ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres/as. Concelleiros/as.

2.- APROBACIÓN DO PADRÓN DE ABOADOS CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DO ANO 2011 DE SUBMINISTRO DE AUGA E SUMIDOIROS

Con data 20.06.2011 (rex. entrada núm. 4190 do 08.07.2011) a empresa AQUAGEST, S.A. presenta o resumo da facturación e o Padrón de aboados deste Concello, por subministro de auga e sumidoiros correspondente ao 2º trimestre do ano 2011.



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros, acorda:

Primeiro.- Aprobar o padrón de aboados correspondente ao 2º trimestre do ano 2011 de subministro de auga e sumidoiros.

Segundo.- Dispoñer a publicación do anuncio deste Padrón no Boletín Oficial da Provincia e a súa exposición ó público no taboleiro de anuncios deste Concello durante o prazo de 15 días, a efectos de reclamacións.

3.- APROBACIÓN DO COBRO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. XUÑO 2011

Vista a proposta da Alcaldía de data 11.07.2011 que literalmente di:

“O regulamento do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira, publicado no BOP núm. 260 do 10.12.2009, establece no artigo 6.6 a obriga dos usuarios de participar no pagamento do servizo nos termos que establece a súa norma reguladora.

A Ordenanza reguladora do prezo público dos usuarios do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira foi aprobada polo Pleno do Concello o 22.12.2009 e publicada no BOP núm. 37 do 25.02.2010.

O Concello de Cedeira desenvolve o programa de Servizos Sociais de axuda no fogar e conta coa autorización de inicio de actividade inscrito no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia co número de identificación E-736/P001.

É polo que se propón a esta Xunta de Goberno Local:

a. A aprobación da lista de cobro correspondente ao mes de xuño de 2011 que empeza por A, con DNI, cun importe de 17,55 € e finaliza con B, con DNI e cun importe de 3,90 € e se compón de 91 obrigados ó pagamento; a cal ascende ao total de 4.145,18 €.

b. Que se continúe coa recadación das cantidades.”

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade dos seus membros presentes, aprobar esta proposta.

4.- APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 3 DA OBRA 'OBRA POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE CEDEIRA'

Con data 15.04.2011 (rex. entrada núm. 2121) a empresa TERRAUGA, PROYECTOS Y OBRAS S.L. presentou a certificación núm. 3 da obra **“Remodelación y adaptación de instalaciones en el polideportivo municipal de Cedeira”**, expedida polo director de obra D. Javier López Pita con data 14.04.2011, e por un importe de 96.439,91 euros; así como a factura núm.012/11 de data 14.04.2011 e por un importe de 96.439,91 euros IVE incluído ao tipo do 18%.



Con data 03.06.2011 a Arquitecta Municipal emitiu un informe desfavorable relativo á certificación núm. 3 de data 15.04.2011.

Con data 08.06.2011 foi solicitado a emisión dun ditame por parte do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña respecto da aprobación da certificación núm. 3 e do modificado núm. 2 desta obra, remitindo unha copia do expediente administrativo tramitado; motivado na existencia de informes contraditorios entre a dirección de obra e a arquitecta municipal.

Con data 04.07.2011 (rex. entrada núm. 4069) recibíuse do Servizo de Arquitectura da Deputación Provincial de A Coruña un informe ao respecto do solicitado, no cal e conclúe, entre outros aspectos, que "(...) dado los antecedentes y el carácter de "a buena cuenta" de las certificaciones se puede dar por válida la certificación núm. 3 (...)".

Con data 11.07.2011 emitiuse un informe pola Intervención municipal, no cal consta como resultado da fiscalización o seguinte:

"Tendo en conta os antecedentes e informes obrantes no expediente e fundamentalmente o carácter de a boa conta da certificación presentada, a xuízo da Intervención, pode tramitarse a presente certificación núm. 3 por importe de 96.439,91 euros, estando todo supeditado do que resulte da aprobación do reformado núm. 2, pendente, e da aprobación das certificacións sucesivas."

Con data 12.07.2011 emitiuse pola Alcaldía unha proposta de aprobación da certificación núm. 3 desta obra.

Unha vez vista a documentación que se cita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros, acorda:

Primeiro.- Aprobar a certificación núm. 3 da obra "**Remodelación y adaptación de instalaciones en el polideportivo municipal de Cedeira**" e a súa documentación anexa, polo importe de 96.439,91 euros (I.V.E. incluído).

Segundo.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria e á dirección de obra.

Terceiro.- Dar traslado da presente resolución á Intervención e á Tesourería Municipal.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á COMISIÓN DE FESTAS DE ESTEIRO

Con data 07 de xullo de 2011 (rex. entrada núm. 4158) recibíuse un escrito da Comisión de Fiestas San Isidro 2009 no cal se solicita o abono da subvención solicitada por importe de 200,00 € para as festas de Esteiro-San Felix 2011

Visto que nos orzamentos do exercicio 2011 figura subvención nominativa a favor da Comisión de Festas de Esteiro por importe de 200,00 €

Tendo en conta a Proposta de Alcaldía do 11.07.2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros, acorda:

Primeiro.- Conceder a subvención á Comisión de Fiestas San Isidro 2009 con CIF G70210794, segundo as seguintes estipulacións:

- Obxecto da subvencion: Fogos de artificio San Isidro 2011
- Exercicio: 2011
- Importe gasto xustificado: 354,00 €



- Importe da subvencion: 200,00 €
- Porcentaxe de gasto subvencionable: 56,50% %

Segundo.- Aprobar o gasto por importe de 200,00 euros e recoñecer as obrigas por importe de 200,00 € na partida 334.489.00.

Terceiro.- Aprobar a xustificación presentada no rexistro xeral con data 07 de xullo de 2011 (rex. entrada núm. 4158)

6.- PROPOSTA DE ALCALDÍA DE RENUNCIA Á CONTRATACIÓN CELEBRACIÓN DE FESTAS PATRONAIS

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia, de data 13 de xullo de 2011:

"Con data 17.07.2011 por Providencia da Alcaldía solicítase informe á Secretaría municipal respecto do procedemento aplicable para renunciar ou desistir da contratación dos servizos de organización dos Espectáculos das Festas de Cedeira 2011 mediante procedemento negociado sen publicidade (expediente de contratación aprobado pola X.G.L. na data do 12.04.2011).

Con data 20 de xuño emite informe a Secretaría.

Con data 21 de xuño emite proposta o Concelleiro encargado dos festexos, D. Luís Rubido Ramonde.

Con data 23 de xuño emite informe de fiscalización a Intervención (JVZ.06.23.2011.1), que conclúe: ***"Tendo en conta o anterior, infórmase que a xuízo da Intervención, podería renunciarse ao expediente de contratación, si ben deberá motivarse axeitadamente na resolución que se dicte as razóns de interese público que xustifican dita renuncia."***

Con data 12 de xullo de 2011 emite nova proposta D. Luís Rubido Ramonde, na que se expoñen as razóns de interese público que motivarían a renuncia ao procedemento.

"I.- Lo inusual del procedimiento, en este tipo de servicio, puede suponer indeseables sorpresas para la organización siempre menos probables con los protocolos que venían siendo habituales.

II.- El plus de dificultad por el escaso tiempo disponible se haría más acusado al abrir el procedimiento de negociación con el adjudicatario.

III.- El inevitable beneficio del licitador iría en detrimento de la calidad del servicio en un mercado de acreditada inestabilidad en sus costes.

IV.-La localización y establecimiento de la única entidad licitadora fuera de este municipio podría suponer un radical desacierto con respecto al tipo de espectáculo que demanda por costumbre la sociedad cedeiresa y a "sensu contrario" asumir una oferta de espaldas a los gustos del público, con la consiguiente crítica a los responsables municipales.



Por ello, este concejal propone a la COMISIÓN DE GOBIERNO la renuncia al procedimiento de "NEGOCIADO SIN PUBLICIDAD" articulado para la organización de los "festejos de verano" en Cedeira y ello por razones de interés público."

Con data 13 de xullo de 2011 emite informe de fiscalización a Intervención (JVZ.07.13.2011.1), que conclúe: **"Tendo en conta o anterior, infórmase que a xuízo da Intervención, *podería renunciarse ao expediente de contratación, fundamentadas na motivacións sinaladas no informe do Concelleiro, que deberán recollerse no acordo para a resolución do expediente.*"**

En vista do anteriormente exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Renunciar á celebración do contrato dos servizos de organización dos Espectáculos das Festas de Cedeira 2011 mediante procedemento negociado sen publicidade, polas razóns de interese público que a continuación se detallan:

"I.- Lo inusual del procedimiento, en este tipo de servicio, puede suponer indeseables sorpresas para la organización siempre menos probables con los protocolos que venían siendo habituales.

II.- El plus de dificultad por el escaso tiempo disponible se haría más acusado al abrir el procedimiento de negociación con el adjudicatario.

III.- El inevitable beneficio del licitador iría en detrimento de la calidad del servicio en un mercado de acreditada inestabilidad en sus costes.

IV.-La localización y establecimiento de la única entidad licitadora fuera de este municipio podría suponer un radical desacierto con respecto al tipo de espectáculo que demanda por costumbre la sociedad cedeiresa y a "sensu contrario" asumir una oferta de espaldas a los gustos del público, con la consiguiente crítica a los responsables municipales.

Por ello, este concejal propone a la COMISIÓN DE GOBIERNO la renuncia al procedimiento de "NEGOCIADO SIN PUBLICIDAD" articulado para la organización de los "festejos de verano" en Cedeira y ello por razones de interés público."

Segundo.- Notificar aos licitadores, ofrecéndolles compensación polos gastos en que incurriran, de conformidade co disposto no artigo 139.2 da Lei de Contratos do Sector Público."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

Primeiro.- Renunciar á celebración do contrato dos servizos de organización dos Espectáculos das Festas de Cedeira 2011 mediante procedemento negociado sen publicidade, polas razóns de interese público que a continuación se detallan:

"I.- Lo inusual del procedimiento, en este tipo de servicio, puede suponer indeseables sorpresas para la organización siempre menos probables con los protocolos que venían siendo habituales.

II.- El plus de dificultad por el escaso tiempo disponible se haría más acusado al abrir el procedimiento de negociación con el adjudicatario.



III.- El inevitable beneficio del licitador iría en detrimento de la calidad del servicio en un mercado de acreditada inestabilidad en sus costes.

IV.-La localización y establecimiento de la única entidad licitadora fuera de este municipio podría suponer un radical desacierto con respecto al tipo de espectáculo que demanda por costumbre la sociedad cedeiresa y a "sensu contrario" asumir una oferta de espaldas a los gustos del público, con la consiguiente crítica a los responsables municipales.

Por ello, este concejal propone a la COMISIÓN DE GOBIERNO la renuncia al procedimiento de "NEGOCIADO SIN PUBLICIDAD" articulado para la organización de los "festejos de verano" en Cedeira y ello por razones de interés público."

Segundo.- Notificar aos licitadores, ofrecéndolles compensación polos gastos en que incurriran, de conformidade co disposto no artigo 139.2 da Lei de Contratos do Sector Público.

7.- APROBACIÓN DE FACTURAS

Unha vez examinadas as propostas da Alcaldía e o informe da Intervención Municipal do 12.07.2011 de aprobación de facturas e gastos, elaboradas de acordo co ordenado pola Alcaldía, así como os seus xustificantes que as acompañan, e vistos os informes emitidos ó respecto polo Interventor Municipal,; a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire o Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, o Real decreto 500/1990, de 20 de abril, que desenvolve a anterior, as Bases de Execución do



vixente Orzamento Municipal, demais disposicións de aplicación e delegacións efectuadas pola Alcaldía e Pleno da Corporación, co voto favorable de todos os asistentes, acorda autorizar e dispoñer os gastos que se relacionan de seguido, cando non fosen autorizados e/ou dispostos con anterioridade, recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes, xuntando nun só acto as tres fases de execución do gasto a que se refire o artigo 67.1.b) do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, prestar aprobación ás facturas e/ou xustificantes que se relacionan, ordenar o pago e que pola Tesourería Municipal se proceda ó seu pagamento e contabilización con cargo ás partidas orzamentarias que se indican:

NºReg.	Proveedor y Concepto	Partida	Importe
451	AGRO-FERROL SL. Fra 1914/2011 abono, herbicida, etc	2011.0.151.0.22109	1.563,00 €
452	AGRO-FERROL SL. Fra 1915/2011 cuchillo para hierba	2011.0.151.0.22109	5,70 €
455	CARBAJAL ALVAREZ, Jose L.. Fra. C11 69 Reparacion cortacesped Benza	2011.0.151.0.21300	50,00 €
456	CARBAJAL ALVAREZ, Jose L.. Fra. C11 68 Correa trapezoidal Traccion MT 795	2011.0.151.0.21300	60,00 €
458	AGRO-FERROL SL. Fra. 1659/11 Malla antihierbas verde	2011.0.151.0.22109	23,10 €
459	AGRO-FERROL SL. Fra. 1660/11 PelargoniumC-1L	2011.0.151.0.22109	19,90 €
469	ALUMINIOS BOUZA Y LOPEZ. Fra. 31.124/11 Soldar segadora, luna, silicona...	2011.0.151.0.21300	127,03 €
480	DIEXFE SA. Fra. FE 673/11 Lamparas,bombillas, medidor etc.	2011.0.151.0.22109	1.879,68 €
504	ANIMACIÓN Y EVENTOS, S.L. Fra. 11055 Parcial Campamento Urbano Xullo 2011	2011.0.324.0.22709	2.745,90 €
		TOTAL:	6.474,31 €

O Sr. Alcalde ten que abandonar o salón de sesións por motivos de axenda, sendo ás doce horas e corenta e dous minutos. A partires deste intre, preside o Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alfredo Vilela Santalla. **8.- ESCRITOS VARIOS**

8.1.- SOLICITUDE DE PINTADO DE NON APARCAR

Con data 08.03.2011 a . con NIF con enderezo de notificación na rúa , baixo, en representación da Comunidade de Propietarios do Edif. , solicita o pintado da beirarrúa fronte ao vao do Edif. sito no , co fin de poder saír do garaxe sen dificultade, argumentando que cando fronte ao portal de saída do garaxe do edificio hai algún coche aparcado, é moi complicada a saída para un vehículo de tamaño normal.

A Policía Local de Cedeira, despois das comprobacións correspondentes, emite o seu informe con data 10.03.2011.

A Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria de 15.03.2011 acorda solicitar fotografías da situación á Policía Local e que polo tanto este asunto quede sobre a mesa ata unha vindeira sesión.

Con data 12.04.2011 a Xunta de Goberno Local acorda denegar a solicitude de pintado, na beirarrúa fronte ao vao do Edif. , de non aparcar.



Con data 29.04.2011 a presenta unha nova instancia na que aclara que a dificultade non está en saír do garaxe, senón en entrar nel.

A Policía Local emite un novo informe con data 03.06.2011:

"No obstante, este agente, volve a desaconsellar el pintado de la acera de enfrente al garaje, por los siguientes motivos:

El portal de entrada a dicho garaje comunitario se ha construído con un ancho de 2,45 mt., que se revela ya de inicio bastante estrecho para un vehículo grande, pero esto no es culpa de la administración sino del arquitecto que planteó dicha entrada.

Por otro lado, si dicho bajo o entrada no cumple con los requisitos mínimos para albergar un garaje, la comunidad debe pedir responsabilidades al promotor, constructor, y/o arquitecto del edificio.

No cabe sin embargo, solucionar los problemas (menores) que ahora puedan tener, solicitando a la administración que les amplie la calzada (vía pública) para entrar y/o salir del garaje, adoptando medidas como la supresión de dos plazas de estacionamiento enfrente de la entrada del vado del edificio, sobre todo teniendo en cuenta que dicha calzada tiene un ancho de 5,80 mt. y un carril de circulación de 4mt., además de la acera de 2,20 mt., que existe en la entrada al mismo. Todo ello hace que sea posible entrar y salir del garaje, con menores maniobras que en otros vados existentes en la localidad, y que en ningún momento sea posible achacarle a la vía pública las dificultades de entrada al garaje.

*Por todo lo anterior se **informa negativamente** la petición de pintado del bordillo y la consecuencia supresión de estacionamientos públicos."*

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros, acorda:

Primeiro.- Reiterar a denegación da solicitude de pintado de beirarrúa, polos motivos expresados no informe emitido pola Policía Local o 03.06.2011.

Segundo.- Notificar o presente acordo ó interesado.

8.2. SOLICITUDE DE VAO

A petición do Concelleiro de Atención Cidadá, D. Alfredo Vilela Santalla, elévase de novo á Xunta de Goberno Local o expediente de solicitude de vao a instancia de D. , asunto tratado na sesión do 31.05.2011, que quedou enriba da mesa polas dúbidas xurdidas respecto da tramitación do dito expediente.

A Arquitecta municipal informa que as solicitudes de vao non son un tema urbanístico, senón de regulación do tráfico. Indica que se estiveron mirando ordenanzas doutros concellos e hainos que regulan os vaos nunha ordenanza non fiscal, establecendo diferentes clases de vaos en función da súa finalidade (comerciais, de obras, etc.).

Explica que o anterior Arquitecto municipal, D. Antonio Rodríguez Fabello, requiriu licenza de primeira ocupación, entre outros documentos, pero que a día de hoxe ela non pode requirir dita documentación, por ausencia de regulación ó respecto. Considera que non pode requirirse



licenza de primeira ocupación en tódolos casos, posto que se estaría privando de vao ás edificacións antigas, nas que non houbo proxecto técnico e por tanto non procede a licenza de primeira ocupación.

Conclúe a Arquitecta municipal que non hai razón urbanística para denegar a concesión do vao.

Tendo en conta a documentación obrante no expediente -informe do Arquitecto Técnico Municipal de data 25.05.2011- e o informado verbalmente pola Arquitecta Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Conceder o vao permanente solicitado por D. , para entrada de vehículos nun baixo na rúa .

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesouraría municipais, aos efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás trece horas e sete minutos do expresado día, estendéndose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.